



**Climántica**
Clima
Home
Cambio
Proxecto de Educación Ambiental. CAMBIO CLIMÁTICO

Ciencias da terra para o mundo contemporáneo dende Climántica

Título da actividade:

CIENCIAS DA TERRA PARA O MUNDO CONTEMPORÁNEO DENDE CLIMÁNTICA

Presentación:

Este curso deseñouse para abordar os contidos relativos á Xeoloxía recollidos no currículo da materia de Ciencias da Terra e Ambientais dende unha óptica medioambiental, enmarcada no modelo Ciencia - Tecnoloxía - Sociedade centrado no mundo contemporáneo. Deste xeito, o curso ten unha conexión moi directa con todas as áreas, materias e módulos do ámbito científico tecnolóxico, especialmente as referidas á especialidade de Bioloxía e Xeoloxía.

As dúas primeiras sesións das tres que compoñen o curso, dedícanse a explorar os tres aspectos básicos da Xeoloxía actual: os sistemas da Terra fluída, os da Terra sólida, e a súa evolución a través do tempo. Nos dous primeiros analizaremos especialmente os riscos e impactos que se producen nun planeta exponencialmente máis poboado, pero tamén un tema que afecta ao conxunto: os recursos enerxéticos, que se extraen da xeosfera, cuxo uso incide sobre todo na atmosfera.

Na terceira sesión abordaranse os condicionantes xeolóxicos da biosfera, dende a orixe da vida ata a sociedade tecnolóxica. A historia da Terra enfócase dende un punto de vista antrópico: trátase de considerar as propiedades do planeta que conduciron (inexorablemente?) ao establecemento nel dunha sociedade tecnolóxica. O descubrimento de centos de exoplanetas confire a esta pescuda unha especial actualidade: os outros planetas poboados por vida avanzada, requirirán un campo magnético? Un satélite xigante? Tectónica de placas? Estas preguntas levarannos cara ás propiedades claves das relacións entre Biosfera e Xeosfera.

As biosferas non tecnolóxicas non xeran problemas ambientais. Esta verdade demasiado evidente introdúcenos no tema de peche, as sociedades humanas e o medio. Tras revisar algúns casos de sociedades que trataron de ignorar á Natureza, formularase un debate sobre o noso modo de vida e as nosas perspectivas futuras, incluíndo un xuízo crítico sobre o Desenvolvemento Sostible.



Ciencias da terra para o mundo contemporáneo dende Climántica

Finalidade:

“Clarificar un marco curricular sobre o sistema terrestre, enfocado dende as Ciencias medioambientais recollidas no proxecto Climántica, e orientado para ser o fío condutor do desenvolvemento do currículo de Ciencias da Terra e Ambientais, e dos aspectos relativos a este ámbito nas materias de Ciencias para o Mundo Contemporáneo, Bioloxía e Xeoloxía e demais áreas, materias e módulos que fagan referencia ás Ciencias da Terra no seu currículo”

Nivel,ciclo, área

Bacharelato, ESO, Primaria e módulos de Ciclos formativos con referencias no seu currículo ás Ciencias da Terra e ao Medio Ambiente.

Modalidade:

Presencial. Desenvolverase no Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) de 18 a 21 horas, e completarse con unha de orientación, análise e avaliación dunha tarefa proposta para que os estudantes a desenvolvan.

Destinatarios:

Profesores de áreas, materias e módulos relativos ás Ciencias experimentais e ás Tecnoloxías


Nº de prazas:

35

Criterios de selección:

Os criterios xerais do Plan de Formación do Profesorado aplicados segundo estes criterios de prioridade decrecente:

- Especialidade de Bioloxía e Xeoloxía
- Especialidades do ámbito científico e tecnolóxico
- Resto do profesorado con docencia no ámbito científico - tecnolóxico



Ciencias da terra para o mundo contemporáneo dende Climántica

Lugar de celebración:

Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI).

Recepción de inscricións:

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Sistema de Xestión da Formación do Profesorado

<http://www.edu.xunta.es/fprof>

Centro de Formación e Recursos:

CAFI

Data límite de inscrición

O 30 de xaneiro de 2011

Duración:

10 horas (9 presenciais + 1 de aplicación nas aulas).

Temporalización

Martes 7, mércores 8 e xoves 9 de febreiro de 18 a 21 horas.

Obxectivos:

- Aplicar o funcionamento dos xeosistemas para interpretar as súas alteracións cos cambios de dominio climático, e os seus impactos ambientais.
- Reflexionar sobre a influencia dos procesos xeolóxicos no Medio Ambiente.
- Analizar a utilización dos recursos xeolóxicos, as súas aplicacións e os límites que hai que ter presentes para adaptar o seu uso á súa capacidade de renovación.

Observacións

- Curso celebrárase no Centro Autonómico de Formación e Innovación que está situado no recinto do IES Compostela de Santiago.



Contidos e a súa localización na axenda:

Módulo I.

O ENFOQUE MEDIOAMBIENTAL DOS SUBSISTEMAS DA TERRA FLUIDA

Martes 7 de febreiro de 18:00 a 21:00

*Relator: **Francisco Anguita Virella**. Vulcanólogo fundador da Asociación Española para la Enseñanza de las Ciencias de la Ciencias de la Tierra (AEPECT).*

Módulo II.

O ENFOQUE MEDIOAMBIENTAL DOS SUBSISTEMAS DA TERRA SÓLIDA

Mércores 8 de febreiro de 18:00 a 21:00

*Relator: **Francisco Anguita Virella***

Módulo III.

OS CONDICIONANTES XEOLÓXICOS DA BIOSFERA, DENDE A ORIXE DA VIDA ATA A SOCIEDADE TECNOLÓXICA

Xoves 9 de febreiro de 18:00 a 21:00

*Relator: **Francisco Anguita Virella***



Ciencias da terra para o mundo contemporáneo dende Climántica



Para calquera aclaración ou consulta adicional dirixirse a :

Proxecto Climántica
Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
Tif: 981 541 754
Correo electrónico: climantica@climantica.org



**XUNTA
DE GALICIA**



European Union

European Regional
Development Fund



ATLANTIC AREA Transnational Programme
ESPACIO ATLÁNTICO Programa Transnacional
ESPACE ATLANTIQUE Programme Transnational
ESPAÇO ATLÂNTICO Programa Transnacional

climAtlantic
local and regional actions
for carbon footprint reduction

COFINANCED WITH THE SUPPORT OF THE EUROPEAN UNION ERDF - ATLANTIC AREA PROGRAM

INVESTING IN OUR COMMON FUTURE